



Vivenda Unifamiliar en Guisande,

Rodrigo Currás Torres, arquitecto

A nacente da finca corre un pequeno río. Outrora campos de cultivo, as árbores remanentes circunscíbíanse a lindes e á contorna do regato.

A trama de pequenas levadas e canais próximos ao mesmo e o desuso posibilitaron o xurdir dun bosque de ribeira (a).

Dita fraga constitúe en sí mesma un filtro, a cal resulta un elemento de protección para diversa fauna e flora (b).

Ademais o río consegue esponxar dito bosque creando un canal espacial ao longo do mesmo (c).

O proxecto arquitectónico parte precisamente destes conceptos que xa existen no sitio, procurando unha interpretación abstracta dos mesmos: o “espazo vector” (c), o “matizado mediante filtros” (b) e o “elemento delimitador” (a).

A célula espacial da casa é o cuarto. Unha estancia onde debe ser posible desenvolver as cuestións máis básicas do habitar en arquitectura: capaz de aunar comodidade, desafogo e recollemento.

A casa organízase a partir da xuxtaposición de este tipo de espazo con forte direccionalidade, tratando de captar a esencia do lugar: o propio bosque lineal ao fondo do claro.

As celosías proxectadas contribúen, xunto con patios e vistas sesgadas, a dar privacidade e a matizar luz e usos.

Os elementos delimitadores brandos son os que se ocupan de insinuar recorridos e de protexer a finca minimizando o impacto da intervención.

A vivenda organízase cunha planta sensiblemente rectangular esponxada por patios. A cuberta pretende recordar ás cubertas xuxtapuestas de un pequeno núcleo ou aldea de edificacións tradicionais a unha auga.



